

4.5. ■ ■ educación

■ O obxectivo deste capítulo é a análise da educación en Galicia, para o que se segue a seguinte estrutura: partindo da presentación dos presupostos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do nivel educativo da poboación segundo os datos da EPA e do *Segundo Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social* (xaneiro 2003), analízase, dunha banda, a educación non universitaria (educación infantil e primaria, e educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP) en base ó alumnado, profesorado e centros de ensino. Por outra, centrámonos na educación universitaria nos tres campus universitarios atendendo o número de alumnos matriculados e graduados, tanto nos dous primeiros ciclos como no terceiro ciclo.

Para a realización do estudio, teranse en conta os datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a EPA, a Comisión Europea, o Ministerio de Educación y Cultura, a Dirección Xeral de Universidades, os Presupostos da Xunta e maila Comisión Universitaria de Galicia.

O presuposto da Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria para o ano 2002, **adro 4.5.1.**, ascendeu a 1.592,4 millóns de euros, un 5,0% superior ó do ano anterior, cando se dedicaron un total de 1.516,9 millóns de euros. A súa partida máis importante é a de gastos de persoal, que foi, no ano 2002, de 957,6 millóns de euros (o 60,1% do presupuesto de educación).

No marco dos presupostos, ó programa 353 E “Fomento da lingua galega” dedícanse 17.156,4 miles de euros (un 1,8% máis que en 2001), o que representa o 1,1% do total do presupuesto consolidado da devandita consellería.

A **poboación ocupada** na educación en Galicia, segundo os datos da EPA amosados no **adro C.3.3. (Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo ramas de actividad)**, descendeu no ano 2002 un 0,5% respecto ó ano anterior (0,3 miles de persoas menos) para situarse nas 54,9 miles de persoas ocupadas. No curso 2001-02 o número de profesores contratados nos centros de educación non universitarios galegos ascendeu a 36.581 persoas, o que representa o 67,1% da poboación ocupada na educación segundo a EPA.

CADRO 4.5.1.

Presupostos da Consellería de Educación 2001-02

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
Capítulo I	909.776,1	957.560,7	5,3
Resto	607.088,3	634.810,4	4,6
Total	1.516.864,4	1.592.371,1	5,0

Fonte: Xunta , Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.5.2.

Nivel de instrucción da poboación nas CC.AA., Unión Europea e Rexión Norte de Portugal 2001

	Escaso	Medio	Elevado
	(% de poboación entre 25 e 59 anos)		
Andalucía	64,5	15,2	20,3
Aragón	54,2	18,4	27,4
Asturias	58,4	19,7	21,9
Baleares	60,2	21,9	17,9
Canarias	61,4	18,8	19,7
Cantabria	53,9	20,3	25,8
Castela e León	54,9	19,2	25,9
Castela - A Mancha	67,0	14,8	18,3
Cataluña	55,1	18,7	26,3
C. Valenciana	62,9	15,6	21,4
Estremadura	68,6	14,2	17,2
Galicia	63,4	14,6	22,0
Madrid	45,5	20,2	34,3
Murcia	60,8	16,6	22,6
Navarra	48,3	18,0	33,7
País Vasco	45,0	19,9	35,1
Rioxa	56,2	17,8	26,1
Ceuta e Melilla	50,7	26,5	22,8
España	57,6	17,6	24,9
Unión Europea (UE-15)	34,2	43,5	22,3
Unión Europea (UE-25)	30,7	48,7	20,6
Rexión Norte de Portugal	82,8	9,5	7,7

Fonte: Comisión Europea, Segundo Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social

O **nivel educativo** da poboación galega pode deducirse do datos recollidos no **cadro 2.2.3.** (*Mercado de traballo 2001: principais datos segundo sexo e nivel de estudos terminados*), que indica que no ano 2002 o 25,5% da poboación activa son persoas cun nivel de estudos primarios, que un 48,6% teñen a educación secundaria, e que un 25,7% da poboación activa posúe estudos superiores. A porcentaxe de persoas cualificadas como “analfabetas” é do 0,1%.

Atendendo ós datos do *Segundo Informe Intermedio sobre a Cohesión Económica e Social* da Comisión Europea, o 63,4% da poboación galega entre 25 e 59 anos presenta un nivel de instrucción considerado como escaso, mentres que o nivel de instrucción para un 14,6% da poboación é medio e para un 22,0% é considerado como elevado. Tal e como reflicte o **cadro 4.5.2.**, no conxunto do Estado, o nivel de instrucción é escaso para o 57,6% da poboación considerada, sendo estas porcentaxes do 17,6% e

24,9% no caso dos niveis de instrucción medio e elevado.

Na Unión Europea (UE-15), o 34,2% da poboación entre 25 e 59 anos presenta un nivel de instrucción escaso, sendo esta porcentaxe do 43,5% no caso do nivel medio e do 22,3% para o nivel elevado de instrucción. Cómpre salientar que a rexión norte de Portugal presenta unhas porcentaxes que difiren da situación descrita para o caso galego, xa que o 82,8% da poboación considerada presenta un nivel de instrucción considerado como escaso, mentres que é considerado como medio e elevado nun 9,5% e 7,7%, respectivamente.

O número de alumnos e alumnas matriculados nos centros non universitarios no cursos 2001-02 segue coa súa tendencia á baixa iniciada nos últimos anos da década anterior e a un ritmo superior ó existente no conxunto estatal. Mentres que en Galicia o descenso foi do 2,3% respecto ó

CADRO 4.5.3.

Alumnos matriculados en centros de ensino nas CC.AA. nos cursos 2000-2001 e 2001-02 ⁽¹⁾

	curso 00-01	curso 01-02	01-02 / 00-01 (%)
Andalucía	1.426.791	1.407.575	-1,3
Aragón	176.774	174.758	-1,1
Asturias	146.593	139.946	-4,5
Baleares	141.496	143.796	1,6
Canarias	339.344	336.225	-0,9
Cantabria	82.794	80.364	-2,9
Castela e León	378.810	370.492	-2,2
Castela - A Mancha	312.860	310.862	-0,6
Cataluña	991.863	1.001.551	1,0
C. Valenciana	690.643	683.765	-1,0
Estremadura	199.499	194.955	-2,3
Galicia	413.016	403.669	-2,3
Madrid	890.176	896.265	0,7
Murcia	229.965	225.748	-1,8
Navarra	80.895	82.013	1,4
País Vasco	312.976	306.879	-1,9
Rioxa	41.672	41.327	-0,8
Ceuta	15.720	15.640	-0,5
Melilla	15.209	15.159	-0,3
Total	6.887.096	6.830.989	-0,8

(1) inclúe o alumnado matriculado en E. Infantil/Preescolar, E.Primaria/Preescolar, ESO, BUP, COU, Bach, LOGSE, Bach. Experimental, FP, Garantía Social, Ciclos Formativos/Mód. Profesionais, e Ed. Especial. Non inclúe os alumnos de E. a distancia

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Estadísticas de la educación en España

curso anterior, a nivel estatal a caída foi dun 0,8%, tal e como reflicte o **cadro 4.5.3.** Comparado coas outras comunidades autónomas, o descenso rexistrado en Galicia é un dos máis importantes, sendo superado por Asturias (-4,5%) e por Cantabria (-2,9%).

Educación infantil e primaria

Atendendo ós datos recollidos no **cadro 4.5.4.**, o número de centros de educación infantil e primaria en Galicia foi de 1.318 e 1.062 respectivamente, que supoñen o 8,3% e o 7,8% do total de centros de educación infantil e primaria en España. Do total dos centros de educación infantil e primaria, o 82,0% son centros públicos, en tanto que o 18,0% restante son centros privados.

En canto ó número de alumnos e alumnas matriculados en Galicia nos centros de educación infantil, este ascendeu no curso 2001/02 a 62.015 persoas, un 12,6% máis que no curso anterior (6.916 alumnos máis). Os rapaces e rapazas que reciben a educación infantil son un 15,4% do total de alumnos galegos non universitarios. De todos eles, o 72,3% acude a centros públicos e o 27,7% restante, a centros privados (**cadro 4.5.5.**).

No concernente á educación primaria, o **cadro 4.5.5.** reflicte que son 135.248 os alumnos matriculados (5.356 nenas e nenos menos que no curso anterior), que representaría o 33,5% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 69,7% estuda en centros públicos e un 30,3% en centros privados.

Para atender a estes alumnos, Galicia conta con 14.167 profesores de educación infantil e primaria, dos que o 80,1% imparten clases en centros públicos e o 19,9% restante o fai en centros privados. Xunto a eles hai que engadir que un total de 3.099 profesores compatibilizan o ensino en educación primaria e infantil e na educación secundaria (**cadro 4.5.6.**).

Comparado co curso anterior, prodúcese unha caída no número de profesores que dan clase nos centros de educación infantil e primaria (645 profesores menos), producíndose este descenso, no caso dos centros de ensino público (726 menos), namentres que no caso dos centros privados rexístrase unha medra de 81 profesores. Pola contra, medra o número de profesores que compatibiliza a educación infantil e primaria coa secundaria (2.088 profesores más), producíndose

CADRO 4.5.4.

Centros de ensino en funcionamento no curso 2001-02

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. competencias	Territorio MEC	Total
Ed. infantil								
Pública	1.085	463	138	117	367	7.156	4.172	11.328
Privada	233	92	20	28	93	2.832	1.659	4.491
Total	1.318	555	158	145	460	9.988	5.831	15.819
Ed. Primaria								
Pública	866	357	132	105	272	6.539	3.760	10.299
Privada	196	72	20	23	81	2.104	1.297	3.401
Total	1.062	429	152	128	353	8.643	5.057	13.700
Ed. Especial (1)								
Pública	19	8	3	2	6	407	135	542
Privada	30	10	-	-	20	221	113	334
Total	49	18	3	2	26	628	248	876
E. Sec. Obrigatoria								
Pública	347	136	60	40	111	3.416	2.169	5.585
Privada	182	62	18	23	79	1.889	1.276	3.165
Total	529	198	78	63	190	5.305	3.445	8.750
Bacharelato								
Pública	222	87	35	28	72	1.741	1.109	2.850
Privada	71	31	4	11	25	789	585	1.374
Total	293	118	39	39	97	2.530	1.694	4.224
COU								
Pública	72	31	9	11	21	178	70	248
Privada	3	2	-	-	1	10	12	22
Total	75	33	9	11	22	188	82	270
F.P. II								
Pública	66	22	11	14	19	198	56	254
Privada	25	13	-	2	10	82	62	144
Total	91	35	11	16	29	280	118	398
Cic. Form.de F.P.								
Pública	173	70	31	20	52	1.269	675	1.944
Privada	75	33	7	7	28	555	279	834
Total	248	103	38	27	80	1.824	954	2.778
Progr. Garantía Social								
Pública	139	58	23	18	40	557	526	1.083
Privada	21	8	-	3	10	110	133	243
Total	160	66	23	21	50	667	659	1.326
BUP e COU a dist.								
Pública	5	2	1	1	1	15	39	54
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	5	2	1	1	1	15	39	54
Bacharelato a dist.								
Pública	3	1	1	-	1	29	42	71
Privada	-	-	-	-	-	1	-	1
Total	3	1	1	-	1	30	42	72
Bacharelato a dist.								
Pública	-	-	-	-	-	13	33	46
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	13	33	46
Total								
Pública	2.997	1.235	444	356	962	21.518	12.786	34.304
Privada	836	323	69	97	347	8.593	5.416	14.009
Total	3.833	1.558	513	453	1.309	30.111	18.202	48.313

(1)refiere a centros específicos de educación especial e a centros ordinarios con unidades sustitutorias de educación especial

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Estadísticas de la educación en España

CADRO 4.5.5.
Alumnos nos centros de ensino no curso 2001-02

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. con competencias	Territorio MEC	Total
Ed. infantil								
Pública	44.834	18.756	5.229	4.217	16.632	501.360	297.205	798.565
Privada	17.181	6.726	1.496	1.986	6.973	251.852	161.409	413.261
Total	62.015	25.482	6.725	6.203	23.605	753.212	458.614	1.211.826
Ed. Primaria								
Pública	94.215	37.295	11.995	9.830	35.095	1.038.306	609.669	1.647.975
Privada	41.033	16.180	3.525	4.892	16.436	498.290	328.762	827.052
Total	135.248	53.475	15.520	14.722	51.531	1.536.596	938.431	2.475.027
Ed. Especial (1)								
Pública	930	493	125	77	235	7.800	5.438	13.238
Privada	943	286	-	-	657	9.183	4.820	14.003
Total	1.873	779	125	77	892	16.983	10.258	27.241
ESO								
Pública	83.042	33.906	11.613	8.287	29.236	775.804	471.594	1.247.398
Privada	32.875	12.607	2.609	4.274	13.385	392.046	261.794	653.840
Total	115.917	46.513	14.222	12.561	42.621	1.167.850	733.388	1.901.238
Bacharelato								
Pública	36.809	15.476	5.270	3.941	12.122	308.197	197.829	506.026
Privada	7.066	3.310	332	1.046	2.378	102.339	69.189	171.528
Total	43.875	18.786	5.602	4.987	14.500	410.536	267.018	677.554
COU								
Pública	1.842	920	164	187	571	8.017	4.136	12.153
Privada	34	13	-	-	21	291	624	915
Total	1.876	933	164	187	592	8.308	4.760	13.068
BUP e COU a distancia								
Pública	1.579	558	203	223	595	3.602	2.631	6.233
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	1.579	558	203	223	595	3.602	2.631	6.233
Bacharelato a distancia								
Pública	136	118	12	-	6	8.587	10.258	18.845
Privada	-	-	-	-	-	1.614	-	1.614
Total	136	118	12	-	6	10.201	10.258	20.459
F.P.II								
Pública	4.953	2.592	722	630	1.009	16.421	4.394	20.815
Privada	1.199	530	-	63	606	5.278	3.287	8.565
Total	6.152	3.122	722	693	1.615	21.699	7.681	29.380
C. Form. Grado Medio								
Pública	12.619	5.357	1.832	1.151	4.279	98.247	54.890	153.137
Privada	3.123	1.071	172	259	1.621	40.720	18.770	59.490
Total	15.742	6.428	2.004	1.410	5.900	138.967	73.660	212.627
C. Form. Grado Superior								
Pública	13.318	5.491	1.967	962	4.898	96.337	61.936	158.273
Privada	3.434	1.477	30	165	1.762	34.767	19.026	53.793
Total	16.752	6.968	1.997	1.127	6.660	131.104	80.962	212.066
C.F.G.M. a distancia								
Pública	-	-	-	-	-	325	589	914
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	325	589	914
C.F.G.S. a distancia								
Pública	-	-	-	-	-	330	999	1.329
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	330	999	1.329
Programas de Garantía Social (2)								
Pública	2.040	850	314	222	654	16.128	13.174	29.302
Privada	464	159	-	86	219	5.836	6.889	12.725
Total	2.504	1.009	314	308	873	21.964	20.063	42.027
Total								
Pública	296.317	121.812	39.446	29.727	105.332	2.879.461	1.734.742	4.614.203
Privada	107.352	42.359	8.164	12.771	44.058	1.342.216	874.570	2.216.786
Total	403.669	164.171	47.610	42.498	149.390	4.221.677	2.609.312	6.830.989

(1) refirese ó alumnado de centros específicos e ó das aulas de Educación Especial en centros ordinarios. Non inclúe o alumnado de integración

(2) inclúe ó alumnado de Programas de Garantía Social impartidos en centros docentes e en actuacións fóra de centros

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Estadísticas de la educación en España

CADRO 4.5.6.

Profesorado nos centros de ensino no curso 2001-02

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. con competencias	Territorio MEC	Total
Ed. Infantil e Primaria								
Pública	11.347	4.353	1.545	1.242	4.207	109.102	70.225	179.327
Privada	2.820	1.124	250	310	1.136	41.200	23.956	65.156
Total	14.167	5.477	1.795	1.552	5.343	150.302	94.181	244.483
Ed. Secundaria e FP								
Pública	16.083	6.607	2.326	1.740	5.410	124.198	75.906	200.104
Privada	3.172	1.249	231	395	1.297	40.038	24.292	64.330
Total	19.255	7.856	2.557	2.135	6.707	164.236	100.198	264.434
Ambos grupos de niveis (1)								
Pública	2.113	820	329	252	712	9.019	6.408	15.427
Privada	986	389	89	117	391	4.782	5.087	9.869
Total	3.099	1.209	418	369	1.103	13.801	11.495	25.296
Educación especial (2)								
Pública	203	101	32	20	50	2.722	1.465	4.187
Privada	127	52	-	-	75	1.722	1.052	2.774
Total	330	153	32	20	125	4.444	2.517	6.961
Total								
Pública	29.746	11.881	4.232	3.254	10.379	245.041	154.004	399.045
Privada	7.105	2.814	570	822	2.899	87.742	54.387	142.129
Total	36.851	14.695	4.802	4.076	13.278	332.783	208.391	541.174

(1) refírese ó profesorado que compatibiliza o ensino en Ed. Infantil/Primaria e Ed. Secundaria/Formación Profesional

(2) refírese ó profesorado de centros específicos de Ed. Infantil e de aulas de Ed. Especial en centros ordinarios

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Estadísticas de la educación en España

CADRO 4.5.7.

Centros e alumnos de Ensinaza Secundaria Obrigatoria, BUP e COU 2001-02

	Centros				Alumnos			
	Total	ESO	BUP	COU	Total	ESO	BUP	COU
Galicia								
A Coruña	897	529	293	75	161.668	115.917	43.875	1.876
Lugo	349	198	118	33	66.232	46.513	18.786	933
Ourense	126	78	39	9	19.988	14.222	5.602	164
Pontevedra	113	63	39	11	17.735	12.561	4.987	187
Total España	309	190	97	22	57.713	42.621	14.500	592
CC.AA. con competencias								
Territorio MEC	13.244	8.750	4.224	270	2.591.860	1.901.238	677.554	13.068
	8.023	5.305	2.530	188	1.586.694	1.167.850	410.536	8.308
	5.221	3.445	1.694	82	1.005.166	733.388	267.018	4.760

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Estadísticas de la educación en España

este incremento no caso dos centros públicos e privados.

Educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP

No curso 2001/02 houbo un total de 1.160 centros de educación secundaria que acollen a 189.937 alumnos (un 7,7% inferior ó rexistrado no curso anterior), que representan o 46% dos alumnos galegos e o 6,8% do total español (7% no ano anterior).

Atendendo ós datos recollidos no antedito **Cadro 4.5.4.**, o número de centros de **educación secundaria obrigatoria (ESO)** en Galicia foi de 529 (o 65,6%, 347 centros, son públicos), que supoñen o 6,0% do total de centros de ESO en España.

Comparado co curso anterior, descende o número de centros de ensino de ESO en Galicia, dende os 547 centros do curso 2000/01 ata os mencionados 529 do curso 2001/02. Este descenso prodúcese no caso dos centros de ensino público, con 19 centros menos, en tanto que no último curso hai un centro privado máis.

O número de alumnos matriculados en Galicia nos centros de educación secundaria obrigatoria en Galicia foi de 115.917, un 5,3% menos que no curso anterior. Estes escolares representan un 28,7% do total de alumnos galegos. O 71,6% dos estudiantes de secundaria acude a centros públicos e o 28,4% restante, a centros privados.

No que respecta ós centros que imparten **BUP e COU a distancia e bacharelato** e ó seu alumnado, os **Cadros 4.5.4. e 4.5.5.** reflicten que

CADRO 4.5.8.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2001-02 e 2002-03: primeiro e segundo ciclos (1)

	Curso 2001-02	Curso 2002-03			01-02/02-03
		Total	Homes	Mulleres	
A Coruña	25.741	25.416	12.469	12.943	-1,3
Santiago	37.292	41.654	15.063	26.591	11,7
Vigo	29.166	27.490	12.623	14.867	-5,7
Total	92.199	94.560	40.155	54.401	2,6

(1) incluidos os alumnos dos centros adscritos

Fonte: Dirección Xeral de Universidades e Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

CADRO 4.5.9.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2001-02 e 2002-03: terceiro ciclo

	Curso 2001-02	Curso 2002-03			
		Total	Homes	Mulleres	
A Coruña	769	832	440	392	
Santiago	1.700	1.458	682	776	
Vigo	894	1.006	474	532	
Total	3.363	3.296	1.596	1.700	

Fonte: Dirección Xeral de Universidades e Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

existen en Galicia 8 centros que acollen a 1.715 alumnos, que supoñen o 4,7% e o 6,4% do total de centros e alumnos matriculados en España, respectivamente.

No concernente á **formación profesional II**, no curso 2001/02 funcionaron en Galicia 91 centros de FP, repartidos da forma que se amosa no **cadro 4.5.4.** Como se pode observar, case tres cuartas partes corresponden a centros públicos e a cuarta parte restante, a centros privados.

Nestes centros de FP galegos estiveron matriculados 6.152 estudiantes, o que representa un 1,5% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 80,5% acude a centros públicos e o 19,5% restante, a centros privados. Comparado co curso anterior, o número de alumnos descende un 54,4%.

Nos ciclos formativos de grao medio e grao superior, o número de alumnos ascendeu a 15.742 e 16.752 persoas, respectivamente, o que implica unha medra, respecto ó ano anterior, de 3.400 alumnos (o 27,5%) e 3.806 (29,4%), respectivamente.

Xunto a todos estes centros funcionaron en Galicia, como amosa o devandito **cadro 4.5.4.**,

49 centros de **educación especial** (dos que 19 son centros públicos), que supoñen un 5,6% do total de centros deste tipo de estudios en España. Destes 49 centros de ensino especial, 26 centros están na provincia de Pontevedra (dos que 20 son privados) e 18 centros (10 privados) en A Coruña. En Lugo e Ourense, tódolos centros de educación especial (3 e 2, respectivamente) son públicos.

Finalmente, os alumnos matriculados nos centros de educación especial no curso 2001/02 foron 1.873 (representan o 0,5% do total de alumnos galegos), dos que o 49,7% acude a centros públicos.

Educación universitaria

Galicia conta con tres universidades –Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña–, que disponen de sete campus repartidos nas catro provincias. No curso 2002-03 matriculáronse en Galicia, **cadro 4.5.8.**, un total de 94.560 alumnos, dos que o 57,5% (54.401 persoas) foron mulleres.

A Universidade de Santiago de Compostela, con 41.654 alumnos matriculados no derradeiro curso, acolle ó 44,1% dos universitarios galegos, en tanto que a Universidade de Vigo ten o 29,1% e a Universidade da Coruña, o 26,8% restante.

O número de graduados no último curso nas universidades galegas ascendeu a 12.485 persoas (o 5,8% do total estatal) das que 4.744 persoas (o 38,0%) son mulleres. Atendendo á distribución segundo universidade, na de Santiago de Compostela graduáronse un total de 4.742 persoas (o 38,0% dos graduados en Galicia), mentres que na de Vigo e A Coruña graduáronse 3.900 (31,2%) e 3.843 alumnos (30,8%), respectivamente.

En relación ós cursos de **terceiro ciclo, cadre 4.5.9.**, no curso 02/03 inscribiríronse nos cursos de doutoramento 3.296 estudiantes, das que o 51,6% (1.700 alumnos) son mulleres. A universidade de Santiago de Compostela é quen máis alumnos acolle no terceiro ciclo con 1.458 alumnos matriculados, seguida da universidade de Vigo e de A Coruña, con 1.006 e 832 doutorandos, respectivamente.

O número de persoas que se graduaron neses cursos foi de 1.214 (o 53,8%, 653 alumnos, son homes), o que representa o 7,1% das graduacións no terceiro curso no conxunto do Estado. Na universidade de Vigo graduáronse un total de 639 alumnos (o 52,6% do total galego), en tanto que en Santiago o fixeron 380 persoas (o 31,3%) e en A Coruña, 195 alumnos (o 16,1%). ■